

XORNADA

XÉNERO

E DOCUMENTACIÓN III: *HEMEROTECA FEMINISTA GALEGA A SAIA*

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2 DE DECEMBRO DE 2014

Asaia

HEMEROTECA FEMINISTA GALEGA



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Desde o ano 2007, coa realización das primeiras xornadas Xénero e Documentación, o Consello da Cultura Galega, a través da súa Comisión de Igualdade, promove a creación de espazos e tempos de achega ao tratamento da documentación desde perspectivas de xénero e feministas. Contribúe, dese xeito, a fomentar lecturas máis completas da realidade sociocultural galega.

Facer memoria e coñecer a historia recente de Galicia pasa por coñecer tamén as traxectorias dos feminismos e das feministas en Galicia e, para isto, a nivel documental é imprescindible ter en conta as publicacións periódicas xeradas por organizacións feministas desde a década de 1980. Trátase de revistas en que se recollen accións, ideas e propostas teóricas que guían as distintas posicións feministas e que, alén diso, permiten coñecer debates arredor das mulleres, os sexos, os xéneros, as sexualidades e a etnicidade no mundo do traballo, no pensamento crítico, na creación, na historia e na sociedade en xeral. Nestas publicacións pódense documentar con moito detalle os debates sobre o suxeito político do feminismo en Galicia, e as accións reivindicativas, as ferramentas e estratexias que mulleres feministas, organizadas ou non, empregaron para transformar, entre outros, o discurso da nación e o do patriarcado.

Conscientes disto, o Consello da Cultura Galega, a través da súa Comisión de Igualdade, e o Centre Dona i Literatura da Universitat de Barcelona, a partir de 2012 poñen en marcha a *Hemeroteca Feminista Galega A Saia*. Un proxecto conxunto que ten como obxectivo facer pública unha documentación básica de grande utilidade para a investigación e para as persoas interesadas nos feminismos e/ou na historia recente de Galicia. Trátase de pór en acceso aberto, de xeito progresivo, as publicacións feministas galegas, coa reprodución de todos os números, e cunha indexación completa e moi detallada dos seus contidos e persoas que interviñeron nelas.

Nesta xornada Xénero e Documentación III preséntase unha primeira entrega da citada hemeroteca poñendo a disposición do público a colección completa de *A Saia* (1982-1983), a primeira época da revista *Andaina* e os oito primeiros números da *Festa da Palabra Silenciada* (1983-1991). Para coñecer a cerna destes proxectos contaremos coa participación de mulleres directamente implicadas en facer destas revistas unha realidade.

PROGRAMA

MARTES, 2 DE DECEMBRO

16:30 horas

Apertura

16:45 horas

Hemeroteca Feminista Galega A Saia

Helena González Fernández

Mariam Mariño Costales,

coordinadoras da hemeroteca

17:00 horas

A Saia. Boletín do Colectivo Feminista Independente Galego

Sabela Mouriz, promotora da revista *A Saia,*

activista feminista e profesora de ensino medio

Helena González Fernández

17:40 horas

Andaina. Revista do Movemento Feminista Galego

Nanina Santos Castroviejo, membro do consello de redacción da

revista *Andaina,* activista feminista e profesora de ensino medio

Mariam Mariño Costales

18:20 horas

Festa da Palabra Silenciada

María Xosé Queizán, directora da revista *Festa da Palabra Silenciada,*

activista feminista e escritora

Helena González Fernández

ORGANIZACIÓN:

Consello da Cultura Galega. Comisión de Igualdade
Centre Dona i Literatura da Universitat de Barcelona

COORDINACIÓN:

Helena González Fernández
Mariam Mariño Costales

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205
difusion@consellodacultura.gal
www.consellodacultura.gal

Inscrición:

A inscrición é gratuíta no sitio web www.consellodacultura.gal
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia a Xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Só se garantirá a distribución de material divulgativo impreso ás persoas previamente inscritas na actividade.

Máis información:

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar.
Praza do Obradoiro, s/n.
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

